

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS,  
MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DOS CENTROS DOCENTES  
PÚBLICOS E CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E  
SECUNDARIA DO CONCELLO DE RIBEIRA  
- CURSO 2020-2021**

*B A S E S*

**PRIMEIRA.—Obxecto e finalidade**

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e concertados, de educación infantil, educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Ribeira, para o curso 2020-2021.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das subvencións de comedor é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custe do servizo.

**SEGUNDA.—Programas subvencionables**

Os programas subvencionables serán:

1. Axudas para a adquisición de libros e material escolar (EXCLUSIVAMENTE NO COMERCIO LOCAL) para Educación Infantil. No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material funxible, mochila, uniforme, etc.).

2. Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

**TERCEIRA.—Publicidade e prazo**

A publicación das presentes Bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas dependencias de Servizos Sociais, na páxina web do Concello de Ribeira [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal) e no BOP da Coruña. Anunciarase igualmente no BOP o prazo de presentación de solicitudes.



O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contando desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17. 3.b.), 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións-BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios da casa do Concello, nas dependencias de Servizos Sociais e na paxina web [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal).

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse na web do Concello [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal), no taboleiro oficial de anuncios e nas dependencias da área de Servizos Sociais, con expresión do nº de Rexistro de Entrada Municipal, expediente de servizos sociais, colexio, finalidade da subvención (libros, material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo— ou lista de agarda).

#### **CUARTA.— Crédito Orzamentario**

O crédito previsto para o outorgamento destas subvención recóllese nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Liña 1: 231A 480.14 cun importe de 30.000 euros, dos cales 4.000 euros serán destinados a adquisición de libros e material escolar e 26.000 euros a comedores escolares.

Liña 2: 231C 480.04 cun importe de 30.000 euros, dos cales 4.000 euros serán destinados a adquisición de libros e material escolar e 26.000 euros a comedores escolares (Programa xantar na escola COVID-19).

#### **QUINTA.—Destinatarios**

O programa de axudas para comedores escolares estará composta de 2 liñas, que deben reunir os seguintes requisitos:

**LIÑA 1):** Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

*Modalidade 1.B):* Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas da modalidade A), poderán solicitarse subvencións para comedor con carácter excepcional (Modalidade B) a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar o motivo da excepcionalidade na solicitude.

**LIÑA 2):** Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta, esta liña está reservada para casos exclusivamente afectados polo COVID-19.

*Definición e requisitos dos casos exclusivamente afectados polo COVID-19:*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000845CD00N8U7N2N3G2V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### **FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 26/08/2020

EXPEDIENTE ::  
2020CONV000011  
Fecha: 25/08/2020  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL





**Apartado 1)** Para o caso dos representantes da unidade de convivencia familiar que sexan traballadores por conta allea e contratado/a a xornada completa ou parcial, deberán cumprir as seguintes exixencias:

- a) todos aqueles cidadáns empadroados no municipio de Ribeira, a data 1 de marzo de 2020.
- b) que se viran afectados por calquera aplicación dun ERTE de forza maior ou por causas organizativas de suspensión o redución a partir do 11 de marzo de 2020.
- c) que finalizaran o seu contrato con posterioridade ao 11 de marzo de 2020 e se atopen en situación de desemprego cun prazo mínimo de antigüedad de 1 mes, agás cese voluntario.

**Apartado 2)** Para o caso dos representantes da unidade de convivencia familiar que sexan titulares dunha actividade económica que se vira obrigada á suspensión da actividade por norma estatal ou autonómica derivada do COVID-19, exceptuándose o permiso retribuído recuperable regulado no Real Decreto Lei 10/2020, deberán cumprir as seguintes exixencias:

- a) Que estean incluídas no padrón do Imposto de Actividades Económicas do municipio de Ribeira, e exercendo a súa actividade no municipio de Ribeira.
- b) Que se viran obrigadas á suspensión da actividade por norma estatal o autonómica derivada do COVID-19, exceptuándose o permiso retribuído recuperable regulado no Real Decreto Lei 10/2020. Así mesmo, poderán acollerse as axudas aquelas persoas físicas ou xurídicas que viran reducida a súa facturación no mes de abril en máis do 75% con respecto ao mes de abril do ano 2019. No caso de persoas físicas ou xurídicas de nova creación, a valoración farase con respecto ao mes de febreiro do ano 2020.
- c) Que a sede de actividade se atope no municipio de Ribeira.

Os/as alumnos/as deberán estar matriculados/as no curso 2020-2021 nos centros públicos ou concertados nos niveis de:

- Educación Infantil.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.

#### **SEXTA.—Compatibilidade e tratamento fiscal**

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados.

#### **SÉTIMA.—Requisitos xerais**

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas para ambas liñas os seguintes:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000845CD00N8U7N2N3G2V0 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE ::</b>
	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 26/08/2020	2020CONV000011



- a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Ribeira (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Servizos Sociais).
- b) Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou concertados, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- d) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- e) ) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Ribeira.
- f) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 100% do IPREM en termos anuais (7.519,59 €) , e se sitúe na seguinte escala:

Capacidade económica	Tramo Renda per Cápita da unidade familiar	Coefficiente subvención	Importe da subvención a percibir
Menor ou igual ao 20 % do IPREM	0 euros a 1.503,92 euros	100 %	5 euros/día
Menor ou igual ao 40 % do IPREM	1.503,93 euros a 3.007,84 euros	80 %	4 euros/día
Menor ou igual ao 60 % do IPREM	3.007,85 euros a 4.511,75 euros	60 %	3 euros/día
Menor ou igual ao 80 % do IPREM	4.511,76 euros a 6.015,67 euros	40 %	2 euros/día
Menor ou igual ao 100% do IPREM	6.015,68 euros a 7.519,59 euros	20 %	1 euro/día
Maior ao 100% do IPREM	7.519,60 en adiante	0 %	0 euros/día

**Liña 1):** A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2019), entre o número de membros computables.

**Liña 2):** Exclusivamente casos afectados polo COVID-19, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2019), entre o número de membros computables, aplicando o seguinte coeficiente corrector:

$$\text{Renda per cápita} = \text{Renda da unidade familiar (2019)} \times 0,75 = \text{Renda per cápita COVID-19}$$

Exclusivamente para os casos afectados polo COVID-19 (LIÑA 2): Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha merma significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio (2019), os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a





documentación xustificativa correspondente ó primeiro semestre do ano 2020. Neste caso, os datos económicos referidos ao 1º semestre do ano 2020 serán tidos en conta aos efectos de capacidade económica en termos anuais.

Cando se presente a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas terase en conta a base imponible xeral (435) máis a base imponible do aforro (460).

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadramento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que conorra esta circunstancia.

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (Lei 38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

#### **OITAVA.—Solicitude e documentación**

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante representante da unidade de convivencia familiar.

Só se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude chegarase a seguinte documentación:

7.1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante representante da unidade de convivencia familiar e do resto dos membros.

7.2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.

7.3. Declaración de IRPF do ano 2019 de todos os membros da unidade familiar ou encaso de non presentala, certificado de rendas expedido pola AEAT.

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2019 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera



dos membros da unidade familiar de convivencia (\*).

7.5 No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarase documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante representante da unidade de convivencia familiar aos efectos de percibir a axuda .

7.6. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- \* Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- \* Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- \* Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas

7.7. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro de Información á Muller”.

7.8. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.9. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.

7.10. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida pola área de Servizos Sociais para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

#### **NOVENA.—Presentación de solicitudes**

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

#### **DECIMA.—Criterios de valoración**

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos ingresos do ano 2019 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no





sentido indicado na Base sétima, letra f ), a renda per cápita considerada será a correspondente o primeiro semestre do ano 2020, trasladada a termos anuais aos efectos da capacidade económica.

Casos especiais para o cómputo de membros da unidade familiar:

- 1) **DISCAPACIDADE:** Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computará por 2 o membro da unidade familiar que, figurando na documentación aportada, teña unha discapacidade igual ou superior ó 33% (só se terá en conta unha persoa con discapacidade por unidade familiar).
- 2) **VIOLENCIA DE XÉNERO:** Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computará por 2 o membro da unidade familiar que, figurando na documentación aportada, fose vítima de violencia de xénero.
- 3) **FAMILIA MONOPARENTAL:** Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computará por 2 o membro da unidade familiar que, figurando na documentación aportada, ostente a condición de familia monoparental con cargas familiares no compartidas.
- 4) **FAMILIA NUMEROSA:** Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computará por 2 o membro da unidade familiar que, figurando na documentación aportada, ostente a condición de familia numerosa.
- 5) **SITUACIÓN DE ACOLLEMENTO:** Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computará por 2 o membro da unidade familiar que, figurando na documentación aportada, se atope en situación de acollemento.

No caso de que coincidan varios dos criterios enumerados anteriormente, optarase polo criterio que máis favorece a unidade familiar, de maneira que non poderá acollerse a suma de varios criterios, sendo o límite de 1 criterio por unidade de convivencia familiar.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederase por maior número de membros da unidade familiar.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.—Comisión de valoración e instrución do procedemento.**

A instrución do procedemento corresponderalle á Concellaría de Servizos Sociais. No seo desta concellería constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a concelleiro/a delegado/a da área correspondente, ou persoa en quen delegue.

- Vogais: Dous traballadores/as empregados municipais, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.





Nas comisións actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello. Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía resolverase a designación dos empregados propostos pola Concellería de Servizos Sociais:

- O traballador municipal e vogal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.

-A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

A comisión analizará ás solicitudes presentadas dentro do prazo dous mes, determinando cales reúnen as condicións para se converter en beneficiarios. A este efecto polo servizo correspondente emitirase con carácter previo un informe ao respecto, que será incorporado ao expediente. A Comisión poderá realizar de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polo beneficiario, en virtude dos cales formulará a proposta de concesión de subvención.

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, procederase a notificación individual das solicitudes rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria para os efectos de que, se así o consideran, poidan subsanar as deficiencias no prazo de 10 días naturais.

#### DÉCIMO SEGUNDA.—Tramitación e resolución das axudas

12.1. Resultado da instrución do procedemento e analizadas as posibles subsanacións presentadas polos solicitantes que viran rexeitadas as súas solicitudes, xunto coa relación de persoas beneficiarias e aquelas cuxa solicitude se rexeita, e os motivos que concorran, elevarase proposta á Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira que é o órgano competente para resolvelo.

A solicitude que, á vista da documentación presentada con posterioridade, resulte ser falsa ou inexacta será rexeitada por incumprir os requisitos da convocatoria.

12.2. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda per cápita anual da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de Rexistro de Entrada de cada solicitude, expediente en Servizos Sociais, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.
- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:
  - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
  - Non achegan a documentación requirida.
  - Non estar empadroados/as neste Concello.
  - Superar o límite de ingresos establecido.
  - O centro non conta co servizo de comedor.
  - O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal





de Ribeira.

- Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Libros: o curso que se solicita non é subvencionado neste programa.
- Libros: na modalidade excepcional, non son subvencionables.

— Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda per cápita, de menor a maior. Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar (ata o 1 de decembro), comedor (durante todo o curso) que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.3. A notificación realizarase de forma colectiva, mediante listado ao efecto na páxina web do Concello ([www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)), publicándose o número de Rexistro de Entrada de cada solicitude e o importe a recibir, aos efectos do cumprimento coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais.

Os solicitantes poderán comprobar a través desta publicación si resultan beneficiarios da axuda, para elo disporán do número de Rexistro de Entrada no xustificante que lles proporcione a Oficina de Atención Cidadá, no caso de facelo de maneira presencial ou na Sede Electrónica, no caso de facelo de maneira dixital.

12.4. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de dous (2) meses, contado dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido dito prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

12.5. Modalidade 1.B) de comedor con carácter excepcional.

A Xunta de Goberno Local resolverá a inclusión dos/as alumnos/as na lista de agarda ou a denegación por proposta da instrutora do procedemento e informe da Comisión de Valoración

A resolución da Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade 1.B), conterà cos seguintes datos: número de Rexistro de Entrada de cada solicitude, expediente en Servizos Sociais, data do informe da Comisión de Valoración e sentido da resolución (concedida/denegada).

#### **DECIMO TERCEIRA.—Contía, pagamento das axudas e xustificación**

— **Contía para libros e material escolar (EXCLUSIVAMENTE NO COMERCIO LOCAL) para ambas liñas:**

Educación Infantil..... 50,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta





do representante da unidade de convivencia familiar e solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado, cuxo prazo máximo de xustificación e presentación das facturas é o 1 de decembro de 2020.

As facturas deberán ser expedidas a nome do representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do/a beneficiario/a, ó/á profesional da área de Servizos Sociais, que disporá o pagamento da contía que se subvenciona directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

#### — Contía por comedor para ambas liñas:

A axuda municipal máxima de comedor, por día lectivo e alumno/a, será como máximo de cinco euros (5 €) / alumno/a por cada día lectivo, de acordo co calendario escolar publicado segundo a [Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia](#), que figura anexo a estas Bases.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo representante da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda.

#### — Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:

As axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros ou entidades en quen deleguen, que actuarán como entidades colaboradoras en materia de xestión e nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os centros ou entidades en quen deleguen, asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas, os traslados e as non asistencias dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Departamento de Servizos Sociais.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia, logo de presentar a correspondente factura mensual emitida polo Centro ou entidade en quen deleguen. As facturas cumprirán cos requisitos establecidos no RD 1619/2012.

As direccións dos centros educativos, designarán 1 responsable de verificar a





asistencia diaria ao comedor de tódolos alumnos beneficiarios das axudas de comedor, así como de comunicar posibles baixas e/ou traslados de alumnos/as beneficiarios/as da subvención do comedor.

Dito responsable, deberá enviar parte de asistencia mensual de cada alumno/a beneficiario/a da axuda de comedor ao área de Servizos Sociais, co obxecto de cotexar a asistencia diaria do alumno/a beneficiario/a ca relación nominativa de alumnos/as que figuran na factura mensual que se presentará ao cobro no Concello de Ribeira.

A área de Servizos Sociais enviará o primeiro día lectivo de cada mes a través do e-mail do Centro Educativo designado ao efecto, o listado actualizado dos/as alumnos/as subvencionados/as de comedor, para que sexa efectuada a labor de control de asistencia ao comedor por parte do responsable designado ao efecto.

Os Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado a área de Servizos Sociais para a súa autorización. O traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será o responsable da unidade de convivencia familiar solicitante da axuda o que se faga cargo do pagamento do comedor ata o remate de dito mes.

As novas altas, polos motivos que consten nos respectivos expedientes, serán comunicadas pola área de Servizos Sociais a través do e-mail designado ao efecto polo Centro Educativo.

#### **DÉCIMO CUARTA.—Reclamacións**

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes dende a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

#### **DÉCIMO QUINTA.—Obrigas dos/as beneficiarios/as**

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas Bases e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

Comunicar á área de Servizos Sociais ou ó centro educativo a baixa ou renuncia.

O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.

O pagamento, por parte do pai, nai ou titor (representante da unidade de convivencia



familiar solicitante da axuda), da diferenza, no caso de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda a percibir.

#### **DÉCIMO SEXTA.—Compromiso das entidades colaboradoras**

Os centros educativos ou entidades en que deleguen, adquirirán o compromiso de velar polo cumprimento do establecido nestas Bases, en aras ao bo funcionamento do servizo de comedor así como a verificación da asistencia dos/as alumnos/as beneficiarios ao servizo de comedor.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.—Revogación e réxime sancionador**

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a subvención concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

Serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **DÉCIMO OITAVA.—Norma final**

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Ribeira, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ribeira, a data da sinatura dixital.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000845CD00N8U7N2N3G2V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 26/08/2020

EXPEDIENTE ::  
2020CONV000011  
Fecha: 25/08/2020  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL



# Calendario escolar 2020-2021

## 2020

L	M	M	X	V	S	D
SETEMBRO						
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

L	M	M	X	V	S	D
OUTUBRO						
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

L	M	M	X	V	S	D
NOVEMBRO						
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

L	M	M	X	V	S	D
DECEMBRO						
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

## 2021

L	M	M	X	V	S	D
XANEIRO						
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

L	M	M	X	V	S	D
FEBREIRO						
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

L	M	M	X	V	S	D
MARZO						
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

L	M	M	X	V	S	D
ABRIL						
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

L	M	M	X	V	S	D
MAIO						
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

L	M	M	X	V	S	D
XUÑO						
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000845CD00N8U7N2N3G2V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

### FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 26/08/2020

EXPEDIENTE :: 2020CONV000011  
 Fecha: 25/08/2020  
 Hora: 00:00  
 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Mes	Día	
Setembro	1, 2, 3, 4	Probas correspondentes á convocatoria extraordinaria do curso 2019/2020.
	10	Comezo das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial e educación primaria.
	16	Comezo das clases na ESO, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.
Outubro	12	Día non lectivo. Día da Festa Nacional de España.
Decembro	7	Día non lectivo. Día do Ensino.
	8	Día non lectivo. Día da Inmaculada Concepción.
	23, 24, 25, 28, 29, 30, 31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro	1, 4, 5, 6, 7	
Febreiro	15, 16, 17	
Marzo	29, 30, 31	Vacacións de Semana Santa.
Abril	1, 2, 5	
Maio	17	Día non lectivo. Día das Letras Galegas.
Xuño	16, 17, 18, 21, 22	Probas correspondentes á convocatoria extraordinaria de 2º bacharelato.
	22	Remate das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000845CD00N8U7N2N3G2V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 26/08/2020

EXPEDIENTE ::  
2020CONV000011  
Fecha: 25/08/2020  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL





**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE AXUDAS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DO MUNICIPIO DE RIBEIRA.**

**DATOS DO REPRESENTANTE DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR**

APELIDOS E NOME:	NIF:
CORREO ELECTRÓNICO:	TLO.
DOMICILIO:	CP 159

**LIÑA 1 ( Marque unha X)**

LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR	
SERVICIO DE COMEDOR	

**LIÑA 2 – exclusivamente CASOS AFECTADOS POLO COVID-19 1 ( Marque unha X)**

LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR	
SERVICIO DE COMEDOR	

**DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE ACHEGA PARA AMBAS LIÑAS ( Marque unha X)**

1. NIF ou Tarxeta de residencia no caso de estranxeiros, do representante e demais membros da unidade de convivencia familiar.	
2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar.	
3. Declaración do IRPF do ano 2019 de tódolos membros da unidade familiar, ou en caso de non presentala, certificado de rendas expedido pola AEAT.	
4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos durante o ano 2019 expedido polo Organismo correspondente, pensións, subsidios de desemprego, RISGA ou outras prestación públicas.	
5. Certificación IBAN da conta bancaria do representante da unidade de convivencia familiar na que solicita o cobro da subvención, exclusivamente para as axudas de libros de texto e material escolar.	
6. Documentación relativa a discapacidade.	
7. Documentación relativa a violencia de xénero.	
8. Documentación relativa a separación ou divorcio.	
9. Documentación relativa a situación de acollemento.	
10. Documentación relativa a situación de familia numerosa.	
11. Documentación relativa a situación de familia monoparental.	

**RELACIÓN DE ALUMNOS/AS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA**

APELIDOS E NOME	COLEXIO	CURSO





**PROCEDEMENTO 10145**

--	--	--

Os solicitantes das presentes axudas autorizan ao Concello de Ribeira, a acceder aos datos tributarios e aos datos padronais do solicitante, aos únicos efectos de acreditar o cumprimento cos requisitos desta convocatoria, quedando exonerados da presentación dos certificados de empadramento, e de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fiscais co Concello de Ribeira.

Os solicitantes declaran mediante a presente solicitude non ter débedas coas distintas Administracións e co Concello de Ribeira.

Os solicitantes declaran mediante a presente solicitude que non se encontra nalgunha das circunstancias do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Sinatura / Sinatura dixital

Ribeira a de de 2020.

**Dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ribeira.**







**PROCEDIMENTO 10145**

<b>ANEXO II</b>	
<b>MODELO PARA ACHEGAR DOCUMENTACIÓN A SOLICITUDE DE AXUDA PARA LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DO MUNICIPIO DE RIBEIRA. (CASOS AFECTADOS POLO COVID-19)</b>	
<b>DATOS DO REPRESENTANTE DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR</b>	
APELIDOS E NOME	NIF:
CORREO ELECTRÓNICO:	TLO.
DOMICILIO:	CP 159
<b>DATOS DA ACTIVIDADE</b>	
RAZÓN SOCIAL:	
NOME COMERCIAL DO ESTABLECEMENTO:	
EMPRAZAMENTO:	
EPIÍGRAFE DO IAE:	
<b>DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE ACHEGA PARA A LIÑA 2 - Apartado 1 Traballadores por conta allea (COVID-19) ( Marque unha X)</b>	
1. NIF ou Tarxeta de residencia no caso de estranxeiros.	
2. Documentación acreditativa da finalización do contrato, excepto cese voluntario, con posterioridade ao 11 de marzo de 2020, e que se atopen en situación de desemprego cun prazo mínimo de antigüedad de 1 mes.	
3. Certificado oficial de que se viran afectados por un ERTE motivado pola situación do Estado de Alarma e aceptado pola autoridade laboral.	
<b>DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE ACHEGA PARA LIÑA 2 - Apartado 2 Titulares dunha actividade económica (COVID-19) ( Marque unha X)</b>	
1. NIF ou Tarxeta de residencia no caso de estranxeiros.	
2. Alta no IAE ou, se é o caso, declaración de alta no censo de obrigados tributarios.	

Sinatura / Sinatura dixital

Ribeira a de de 2020.

**Dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ribeira.**

*Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Ribeira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.*





<b>ANEXO III</b>		
<b>PRESENTACIÓN FACTURA XUSTIFICATIVA - SOLICITUDE DE AXUDAS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA ALUMNOS/AS DO MUNICIPIO DE RIBEIRA.</b>		
<b>DATOS DO REPRESENTANTE DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR</b>		
APELIDOS E NOME:	NIF:	
CORREO ELECTRÓNICO:	TLO.	
DOMICILIO:	CP	159
<b>LIÑA 1 ( Marque unha X)</b>		
LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR		
<b>LIÑA 2 – exclusivamente CASOS AFECTADOS POLO COVID-19 ( Marque unha X)</b>		
LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR		
<b>DATOS DA FACTURA XUSTIFICATIVA DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DA UNIDADE DE CONVIVENCIA</b>		
RAZÓN SOCIAL:		
CIF:		
<b>RELACIÓN DE ALUMNOS/AS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA PARA OS QUE SE PRESENTA FACTURA XUSTIFICATIVA</b>		
APELIDOS E NOME	COLEXIO	CURSO

Os solicitantes declaran mediante a presente solicitude que a/as facturas que achegan foron abonadas ao provedor e cumpriuse a finalidade da subvención da presente convocatoria de axudas de libros e material escolar para alumnos/as do Concello de Ribeira.

Os solicitantes declaran mediante a presente solicitude non ter débedas coas distintas Administracións e co Concello de Ribeira.

Os solicitantes declaran mediante a presente solicitude que non se encontra nalgunha das circunstancias do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Sinatura / Sinatura dixital

Ribeira a de de 2020.

**Dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ribeira.**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000845CD00N8U7N2N3G2V0 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 26/08/2020

EXPEDIENTE ::

2020CONV000011

Fecha: 25/08/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





**PROCEDIMENTO 10145**

ANEXO IV		
<b>MODELO DE ADHESIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA EN MATERIA DE XESTIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES PARA ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS DO PROGRAMA DE AXUDAS DE COMEDOR DO CONCELLO DE RIBEIRA.</b>		
<b>DATOS DO CENTRO ESCOLAR E O SEU REPRESENTANTE (DIRECTOR/A)</b>		
CENTRO ESCOLAR:		
APELIDOS E NOME	NIF:	
CORREO ELECTRÓNICO:	TLO.	
DOMICILIO:	CP	159
<b>DATOS DO SERVIZO DE COMEDOR (marque con unha X)</b>		
1. Prestación do servizo de comedor polo propio centro ou colexio.		<input type="checkbox"/>
2. Prestación do servizo de comedor por empresa externa.		<input type="checkbox"/>
<b>DATOS DA EMPRESA EXTERNA DO SERVIZO DE COMEDOR</b>		
RAZON SOCIAL:		
CIF.		
<b>DATOS ECONOMICOS DO SERVIZO DE COMEDOR</b>		
Prezo do custe por día lectivo do servizo de comedor con ive incluído, tanto para servizo propio do centro escolar ou mediante servizo externo con empresa.		
<b>DATOS DO RESPONSABLE DESIGNADO POLA DIRECCIÓN DO CENTRO</b>		
APELIDOS E NOME	NIF:	
CORREO ELECTRÓNICO:	TLO.	

Os asinantes do presente modelo adquiren o compromiso de velar polo cumprimento do establecido nas Bases, en aras ao bo funcionamento do servizo de comedor así como a verificación da asistencia dos/as alumnos/as beneficiarios ao servizo de comedor.

Sinatura / Sinatura dixital

Ribeira a de de 2020.

**Dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ribeira.**

*Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Ribeira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.*

